



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

**Expte: 2024/G007/000026**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día seis de agosto de dous mil vinte e catro, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 415 de data 5 de agosto do 2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste o interventor accidental dona Senén Martínez Prieto.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 30.07.24 (ORDINARIA).-**

A tenente de alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 30.07.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- APROBACIÓN DA AXUDA DE CARÁCTER SOCIAL POR SITUACIÓN DE NECESIDADE SOBREVIDA.**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL AXUDA DE CARÁCTER SOCIAL POR SITUACIÓN DE NECESIDADE SOBREVIDA**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de asumir o custo de incineración dunha persoa sen recursos económicos e sen seguro de decesos, vinculado ao departamento de Servizos Sociais municipais; visto o recoñecemento da retención de crédito para o mesmo e visto o informe técnico da traballadora social que se transcribe a continuación:

#### **INFORME PARA AXUDA DE CARÁCTER SOCIAL POR SITUACIÓN DE NECESIDADE SOBREVIDA**

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), Traballadora Social do Concello de Valdoviño, en relación a persoa usuaria [REDACTED]

INFORMO



1. Que dende o Hospital Arquitecto Marcide informan a este departamento de servizos sociais que a persoa arriba indicada, ingresada con carácter previo no mesmo hospital, falece no mesmo en data de 27 de xullo de 2024 (adxunto certificado de defunción).
2. A persoa convivía no domicilio familiar de Valdoviño coa súa parella [REDACTED] [REDACTED] nada o 26/05/1967 e o seu fillo [REDACTED] [REDACTED] nado o 21/11/2003. A familia solicita, de xeito verbal, a este departamento que o Concello de Valdoviño asuma o custo derivado da defunción por carencia de ingresos e por non posuír seguro de defunción algún.
3. A persoa falecida non percibía ningún tipo de ingreso dende maio de 2022, data dende a cal lle extinguen a Risga por importe de 592,71 euros ao mes por incumprimento reiterado das obrigas para a percepción da mesma. A persoa incumpriu a obriga de participar activamente das medidas personalizadas contidas no proxecto de integración social. A parella da persoa falecida non tivo nunca ningún ingreso propio e a unidade de convivencia foi sobrevivindo este tempo a base de axudas para alimentos do programa de tarxeta moedeiro de Cruz Vermella e do programa de Caritas, así como de ingresos puntuais do seu fillo [REDACTED]. A parella da persoa falecida atópase actualmente en situación irregular por non ter realizados os trámites necesarios para a mesma; a pesar dos diferentes intentos por parte de este departamento de que os realizase. Os mesmos implicaban actuacións de tipo persoal polo que dependían da vontade da persoa.
4. A parella da persoa falecida non conta como titular de ningunha conta bancaria. A persoa falecida conta como único titular dunha conta na entidade financeira Abanca na cal existe un saldo de 0,69 euros. Compróbase ademais que non existen movementos nesta conta dende xaneiro do presente ano. O fillo da persoa falecida é único titular dunha conta bancaria na entidade financeira Abanca dende agosto do ano 2023 e na que consta un saldo actual de 156,54 euros. Compróbase os movementos bancarios desta conta dende agosto do ano 2023 e non destacan movementos de interese. Os movementos existentes son relativos a gastos de alimentación e hixiene e servizos básicos. Tal e como se indicou, é o fillo quen asume todos os gastos cos seus ingresos esporádicos. A familia foi sobrevivindo, tal e como se indicou, cos ingresos procedentes dos traballos temporais do fillo e as axudas sociais de alimentos e necesidades básicas. A situación económica actual da unidade de convivencia é absolutamente insuficiente para a cobertura dos gastos.
5. Este departamento solicita orzamento á entidade funeraria Souto y Pantin S. L. para unha incineración básica o cal emítese en data de 29 de xullo de 2024, por un importe de 2.372,80 euros ive engadido (adxunto).
6. Solicitar a través do presente, o inicio do correspondente procedemento de retención de crédito por importe de 2.372,80 euros (ive engadido) para o posterior pago á entidade Souto y Pantín S.L. (B15289667) logo da presentación da factura correspondente.
7. A persoa atópase, dende o seu falecemento, no depósito do Hospital Arquitecto Marcide á espera dos trámites oportunos para concluír o proceso de incineración.

O que asino para que conste, en Valdoviño, na data indicada á marxe.

Paula Fernández Dopazo

Traballadora social



## PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión da axuda de carácter social de [REDACTED] por importe de 2.372,80 euros (IVE engadido) para sufragar o gasto derivado do proceso de deceso da persoa, mediante o sistema de incineración.

Recoñecer o pago directo de dita cantidade á entidade Souto y Pantín S.L. (B15289667), logo da aprobación e da presentación da correspondente factura.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde Alberto González Fernández na data indicada á marxe.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000128).**

### **3º.- APROBACIÓN DO CUMPRIMENTO DA SENTENZA DE EXPROPIACIÓN DO PROXECTO 1848 REXENERACIÓN AMBIENTAL DAS PRAIAS TAM VALDOVIÑO (EXPEDIENTE 2024/X999/000127)**

“PROPUESTA DE LA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Visto que en fecha 20 de marzo de 2024 fue presentada por D. Antonio Suárez Vilar la reclamación de pago en cumplimiento de la sentencia nº 167/2023 del TSJG sección 3ª de A Coruña correspondiente al procedimiento ordinario nº 7538/2020 por el que se desestimó “el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el procurador don Rafael Rodríguez Ramos, en nombre y representación de don Antonio Suárez Vilar, en relación con la resolución del Jurado de Expropiación de Galicia de 25/06/2020 que fija como justiprecio de la finca 3 MEIRÁS ESTE del “PROXECTO 1848 REXENERACIÓN AMBIENTAL DAS PRAIAS TAM VALDOVIÑO” la cantidad de 11.378,15 euros”

Toda vez que en la citada sentencia se confirma el principal de 11.378,15 euros más los intereses de demora de la administración correspondiente al justiprecio del expediente administrativo de la finca nº 3 situada en Meirás y expropiada por el Ayuntamiento de Valdoviño.

Considerando que,

**PRIMERO.** Es obligado cumplir las sentencias y demás resoluciones firmes de los Jueces y Tribunales, así como prestar la colaboración requerida por éstos en el curso del proceso y en la ejecución de lo resuelto.

Las partes están obligadas a cumplir las sentencias en la forma y términos que en éstas se consignen. Además, todas las personas y entidades públicas y privadas están obligadas a prestar la colaboración requerida por los jueces y tribunales de lo contencioso-administrativo para la debida y completa ejecución de lo resuelto.



**SEGUNDO.** La legislación aplicable al asunto es la siguiente:

- El artículo 118 de la Constitución Española.
- El artículo 17 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial.
- Los artículos 103 a 113 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

**TERCERO.** La ejecución de las Sentencias es una cuestión capital para lograr los fines que persigue el Estado de Derecho. Y es que, en definitiva, la tutela judicial reconocida por el artículo 24 de la Constitución Española conlleva la eficacia de las Resoluciones Judiciales.

Este principio tiene ciertas especialidades en lo que se refiere a la ejecución de Sentencias contencioso-administrativas, porque, en este caso, no son directamente los propios órganos jurisdiccionales quienes hacen ejecutar lo juzgado, sino que es la Administración la que colabora de forma activa en la ejecución de esas Sentencias. Se distingue así entre cumplimiento y ejecución, de modo que el cumplimiento correspondería a la Administración con carácter obligatorio (STS de 14 de julio de 1995), porque es más cómodo y sencillo implicar a ésta en el cumplimiento material del fallo, en tanto la ejecución correspondería exclusivamente a los Tribunales, que podrían adoptar todas las medidas necesarias para ello.

**CUARTO.** El procedimiento a seguir, de acuerdo con lo establecido en el artículo 104 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, será el siguiente:

- A.** Una vez firme en vía judicial una Sentencia, ésta será comunicada en el plazo de diez días al órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso.
- B.** El órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso deberá, en plazo de diez días desde la recepción de la comunicación, indicar el órgano responsable del cumplimiento del fallo.
- C.** En el plazo de dos meses, el órgano que hubiera realizado la actividad objeto del recurso deberá llevar a puro y debido efecto el contenido de la Sentencia y practicar lo que exija el cumplimiento de las declaraciones contenidas en el fallo.
- D.** Transcurridos los plazos señalados para el cumplimiento del fallo, cualquiera de las partes o personas afectadas podrá instar su ejecución forzosa.

**QUINTO.** Si concurriesen causas de imposibilidad material o legal de ejecutar una Sentencia, el órgano obligado a su cumplimiento lo manifestará a la autoridad judicial a través del representante procesal de la Administración, dentro del plazo de dos meses previsto para su cumplimiento, a fin de que, con audiencia de las partes y de quienes considere interesados, el Juez o Tribunal aprecie la concurrencia o no de dichas causas y adopte las medidas necesarias que aseguren la mayor efectividad de la ejecutoria, fijando en su caso la indemnización que proceda por la parte en que no pueda ser objeto de cumplimiento pleno.



A la vista de lo expuesto anteriormente y de conformidad con lo establecido en el artículo 21, apartado 1.f) de ley 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, en su redacción dada por las Leyes 11/99 e 57/03, esta Alcaldía

SE PROPONE

**PRIMERO.** Llevar a debido efecto y practicar lo que exige el cumplimiento de las declaraciones contenidas en la sentencia nº 167/2023 del TSJG sección 3ª de A Coruña correspondiente al procedimiento ordinario nº 7538/2020 por el que se desestimó “el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el procurador don Rafael Rodríguez Ramos, en nombre y representación de don Antonio Suárez Vilar, en relación con la resolución del Jurado de Expropiación de Galicia de 25/06/2020 que fija como justiprecio de la finca 3 MEIRÁS ESTE del “PROXECTO 1848 REXENERACIÓN AMBIENTAL DAS PRAIAS TAM VALDOVIÑO” la cantidad de 11.378,15 euros”

**SEGUNDO.-** Avocar la competencia previamente delegada en la Junta de Gobierno Local para la aprobación de gastos de cuantía superior a 3.005,06 euros debido al largo período transcurrido desde la fecha en que fue dictada la sentencia para evitar el inicio de nuevas acciones procesales que provocasen un mayor gasto en honorarios jurídicos.

**TERCERO.-** Considerando que el principal que debe ser abonado en virtud del justiprecio aprobado por la expropiación de referencia asciende a 11.378,15 euros y visto los artículos 56 de la Ley de Expropiación Forzosa de 16 de diciembre de 1954: *“Cuando hayan transcurrido seis meses desde la iniciación legal del expediente expropiatorio sin haberse determinado por resolución definitiva el justo precio de las cosas o derechos, la Administración expropiante culpable de la demora estará obligada a abonar al expropiado una indemnización que consistirá en el interés legal del justo precio hasta el momento en que se haya determinado, que se liquidará con efectos retroactivos, una vez que el justiprecio haya sido efectuado.”* Así como el artículo 72.1 y .2 del Reglamento de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957:

*“1. La responsabilidad por demora se imputará al causante de la misma. Si lo fuere el beneficiario de la expropiación, decidirá el Jurado sobre su procedencia y cuantía al fijar el justiprecio.*

*2. Cuando el retraso sea imputable a la Administración expropiante o al propio Jurado de expropiación, la responsabilidad exigible quedará comprendida en el párrafo primero del artículo 121 de la Ley y se hará efectiva con arreglo al procedimiento previsto en este Reglamento para tal supuesto.”*

Los intereses generados desde el 01/07/1999 (día de inicio del procedimiento de expropiación que es igual al de la fecha de ocupación según el artículo 56 de la Ley de Expropiación Forzosa) hasta el 07/08/2024 ascienden a 13.812,54 euros en virtud del artículo 72.1 y .2 del Reglamento de Expropiación Forzosa y así como del artículo 56 de la Ley de Expropiación Forzosa.

**Visto que existe consignación adecuada y suficiente en la aplicación presupuestaria 920.22604 se acuerda** aprobar el gasto y autorizar el pago por importe de 11.378,15 euros correspondiente a principal y 13.812,54 euros por la parte correspondiente a los intereses; es decir, por un importe total de 25.190,69 euros.



Valdoviño, en la fecha de firma digital

El alcalde:

Fdo.: D. Alberto González Fernández “

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000127).**

#### **4º.- APROBACIÓN DE GASTO: RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/21**

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

**APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/21.**

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/21 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 30 facturas ascende á cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA E UN MIL NOVECENTOS SETENTA E OITO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (251.978,06 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

##### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2024/21 por importe bruto de 251.978,06 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000128).**

#### **5º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES EN AV. GÁNDARA DE ARRIBA S/N (MERCADO MUNICIPAL) (EXPEDIENTE 2024/C003/000010)**

##### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**





**.-Expediente de obras: “OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES EN AV. GÁNDARA DE ARRIBA S/N (MERCADO MUNICIPAL)”.-**

**Expediente número: 2024/C003/000010**

**Antecedentes de feito**

Visto o Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Dito Programa ten coma obxectivo dar un impulso ao Desenrolo Urbano Sostible mediante actuacións que constitúan proxectos singulares de enerxía limpa.

En data 8 de marzo de 2023, co número de rexistro de entrada 202300004437, recíbese a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a resolución de concesión de axuda á nosa entidade por un importe de 246.272,42 euros ao abeiro do abeiro e de conformidade co establecido no Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto.

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto, con varios criterios, tramitación ordinaria.

Vista a memoria xustificativa e providencia de Alcaldía de data 23 de febreiro de 2024.

Visto o informe de secretaría de data 24 de febreiro de 2024 e os informes de intervención municipal de data 26 de febreiro de 2024 e de 29 de febreiro de 2024; e informe técnico do arquitecto municipal de data 27 de febreiro de 2024 xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra.

Visto o expediente de tramitación 2024/C003/000002 no que se inicia o procedemento e trala publicación na plataforma de Contratos do Estado a antedita obra que declarada deserta na Xunta de Goberno Local de data 02.05.2024

Vista a nova providencia de alcaldía de data 15.07.2024 na que se dispón a iniciar unha nova licitación mantendo os mesmos pregos e os informe técnicos que proceda

Vista o novo informe de intervención de data 01/08/2024.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e tendo en conta as atribucións que esta Alcaldía ten conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos acordos seguintes:

**PROPOÑO**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación, de obra: OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES EN AV. GÁNDARA DE ARRIBA S/N (MERCADO MUNICIPAL), mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de aplicación informática, tramitación ordinaria, polo prezo 290.788,59 euros,



ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 351.854,64 euros.

**Segundo.-** Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal e memoria de alcaldía.

**Terceiro.-** Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

**Cuarto.-** A autorización do gasto será aplicable a aplicación orzamentaria 933.62200, derivada da tramitación do devandito expediente de contratación.

**Quinto.-** Publicar o correspondente anuncio no perfil de contratos do sector público.

**/Documento asinado electronicamente polo sr Alcalde/ “**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C003/000010).**

**-FORA DA ORDE DO DIA.-**

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno a urxencia do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras na tramitación do expediente de contratación, inclúese fóra da Orde do Día.

**- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO NO ANO 2024.-**

**“ PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2024 E AUTORIZAR O GASTO QUE DERIVA DAS AXUDAS PREVISTAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.**

Vista a base número 53º apartado VIII) das Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 se contemplan unha serie de axudas e subvencións públicas entre as que consta a colaboración económica coa Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño para axudar a soportar os gastos que derivan do funcionamento da dita entidade con cargo á aplicación orzamentaria 130.489.00 por importe de 10.000 €.

Visto o informe elaborado pola intervención accidental núm. SMP 08/2024 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para a concesión da subvención nominativa a favor da Agrupación de Voluntarios de





Protección Civil que deriva da realización de actividades durante o ano 2024 pola devandita Agrupación (Expediente núm. 2024/A006/000007), asinado en data 6 de agosto do 2024.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

#### PROPÓN

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que deriven das actividades e funcionamento que se realicen durante o ano 2024, establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido

#### ***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VALDOVIÑO PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2024***

*En Valdoviño, na data de sinatura electrónica*

#### INTERVEÑEN

*Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.*

*Doutra parte, Francisco Dopico Amado con D.N.I. núm. [REDACTED] en nome e representación da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño, en calidade de Presidente da mesma.*

#### MANIFESTAN

*Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:*

#### CLÁUSULAS

##### ***Primeira.-***

*É obxecto do presente convenio fixar un marco de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e a Agrupación Municipal Voluntarios do mesmo concello (AVPC, en adiante), toda vez as funcións a desenvolver pola dita Agrupación determina a posibilidade de que nesta entidade local se presten servizos de protección civil e que se poida actuar inicialmente ante calquera situación de emerxencia que se detecte coa máxima celeridade e profesionalización, tal e como se establece no artigo 25 da Lei 7/1985, do 4 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 10 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, toda vez o Concello non ten un servizo municipal propio de protección civil e de xestión de emerxencias, por non*



*resultar obrigatorio segundo a normativa citada para os concellos de menos de 20.000 habitantes, e ser imposible o sostemento económico do citado servizo.*

#### **Segunda.-**

*En virtude das tarefas desenvolvidas pola AVPC, visto o intereses xeral dos veciños/as que se van a prestar e conforme o artigo 49.f) da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, o Concello de Valdoviño comprométese a axudar economicamente a dita entidade mediante a consignación dunha axuda nominativa nos orzamentos xerais do ano 2024.*

*Así, en concreto na base de execución núm. 53º establécese unha axuda de 10.000 € a favor da dita entidade para sufragar gastos referidos a gastos de mantemento como son os que derivan ou derivarán do pagamento do seguro de cobertura de riscos de accidentes, responsabilidade civil, de vehículos, correos, vestimenta, mantemento programa de xestión AVPC, gastos postais, adecuación de local, material sanitario e outro material funxible necesario para o funcionamento da AVPC, o dito importe atópase consignado na aplicación orzamentaria 130.489.00.*

#### **Terceira.-**

*Tal subvención servirá para financiar os gastos correntes relacionados co mantemento da AVPC, nos que incorra entre 1 de xaneiro de 2024 e 31 de decembro de 2024, sempre e cando non se perciban outras axudas (públicas ou de entidades privadas) para o mesmo fin, que sumadas á concedida polo concello determinen un importe superior ao gasto realizado. A subvención poderá acadar ata o 100% do custo que se xustifique mediante gasto realizado (xustificando tamén o pagamento) para os fins indicados.*

#### **Cuarta.-**

*A AVPC comprométese a destinar o importe da cantidade recibida á finalidade prevista no presente convenio, e a colaborar coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.*

#### **Quinta.-**

*Conforme o artigo 51.4 do Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, a vinculación dos voluntarios da AVPC co Concello de Valdoviño (...) non terá carácter de relación laboral, administrativa, funcionarial ou mercantil, sino tan solo de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de acción humanitarias e de solidariedade social.*

#### **Sexta.-**

*A AVPC deberá cumprir os de requisitos establecidas no artigo 51 do Decreto 56/2000 de 3 de marzo para o persoal voluntario:*

*1. Terán a condición de voluntarios de protección civil todas aquelas persoas físicas que con carácter altruísta se comprometan a colaborar cos servizos de protección civil, integrándose nunha AVPC.*



2. Só poderán ser voluntarios de protección civil as persoas maiores de idade. Os maiores de 16 anos e menores de 18 só poderán figurar como voluntarios de apoio, sempre que conste a autorización do que exerza a patria potestade ou a tutela.

3. Os voluntarios de protección civil non terán a condición de autoridade e actuarán por orde e baixo a dependencia de quen teña atribuída esa función colaborando cos servizos públicos correspondentes.

4. A vinculación dos voluntarios coa agrupación na que se integren non terá o carácter de relación laboral, administrativa, funcionarial ou mercantil, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruísta como medio de realización de accións humanitarias e de solidariedade social.

5. As AVPC poderán establecer requisitos de acceso para os seus voluntarios, sen que en ningún caso poidan facerse discriminacións por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

6. Con carácter xeral, a condición de voluntariado dunha AVPC poderá ser:

a) Operativo, cando pola súa idade, maior de dezoito anos, e aptitude psicofísica, poida realizar con normalidade calquera actividade relacionada coa protección civil. Un voluntario na súa condición de operativo non poderá formar parte máis que dunha soa AVPC.

b) De apoio, cando ben pola súa idade, menor de dezoito anos e maior de dezaseis anos, e/ou aptitude psicofísica, soamente poida efectuar determinados labores de axuda e colaboración co voluntario operativo, fundamentalmente de apoio lóxico.

c) Honoríficos, todas aquelas persoas que durante o transcurso da súa vida realizaron actuacións heroicas e/ou actos sobresaíntes en materia de protección civil no seo desa agrupación.

7. Os voluntarios só poderán pertencer a unha AVPC sen prexuízo de realizar tarefas de voluntariado noutras por tempo determinado se así o autorizasen as agrupacións afectadas.

Neste senso, é preciso recordar os deberes dos voluntarios no exercicio do seu labor de colaboración que enuncia o artigo 53 do citado Decreto 56/2000 de 3 de marzo

a) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario de protección civil.

b) Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.

c) Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas dadas polos seus mandos naturais e as autoridades de protección civil.

d) Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de protección civil ou pola AVPC, así como nas que con carácter permanente se precisen para mantela calidade das prestacións.

e) Empregar axeitadamente a vestimenta de protección civil cos seus distintivos, así como levar ben visible a súa acreditación.



f) Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña á súa disposición a AVPC, ou, de se-lo caso, as autoridades de protección civil.

g) Devolverlle a tarxeta de identidade e o uniforme ó responsable da AVPC, así como o material asignado á súa custodia, no caso de causar baixa nela por calquera circunstancia.

A AVPC debe contar con un seguro de accidentes así como de responsabilidade civil por danos a terceiros que ampare aos seus membros fronte aos riscos que están sometidos no exercicio das funcións descritas e a dita agrupación debe estar inscrita no rexistro de protección civil da Comunidade Autónoma.

#### **Sétima.-**

Antes da adopción do acordo de outorgamento da subvención, a AVPC deberá presentar a solicitude acompañada da seguinte documentación:

a) Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación da fotocopia cotexada do CIF da entidade.

b) Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.

c) Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.

d) Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.

e) Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.

f) Certificado de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A presentación de declaración responsable substituirá á presentación das certificacións para o caso de que a contía a outorgar ao beneficiario non supere os 3.000,00 €, de acordo co artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións

g) Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

h) Certificación dos datos bancarios da entidade.

i) Declaración responsable comprometéndose a presentar xustificación da axuda no prazo de 3 meses, e en todo caso antes da finalización do exercicio no que é concedida a subvención, por parte de perceptor nos termos previstos nas presentes Bases.



*O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, o unha vez asinado o convenio e ao tratarse de subvención prepagable antes da xustificación da subvención polo beneficiario, non se require constitución de aval algún ao beneficiario en garantía do dito anticipo.*

#### **Oitava.-**

*A AVPC deberá presentar no prazo de 3 meses, a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da axuda ou pago efectivo da mesma, podándose solicitar ampliación do prazo de xustificación motivada, ata a data de vixencia do convenio (31-12-2024), a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada:*

*1.- Conta xustificativa (relación de facturas con conceptos e importes que se presentan coma xustificación da subvención), e facturas orixinais de gasto ou copias compulsadas das mesmas axeitadas ao establecido no RD 1619/2012, previamente a compulsa farase constar nos orixinais, mediante dilixencia nas mesmas, que se corresponden con gasto subvencionados polo concello, quedando as copias compulsadas no expediente, unha vez dilixenciadas, aos efectos dun control de concorrencia de subvencións. Tamén deberán presentarse xustificantes dos pagamentos realizados a través de transferencias bancarias aos provedores co selo da entidade financeira, ou con código de verificación, ou coa copia do cheque nominativo emitido e xustificante do seu cargo na conta acreditando pola entidade financeira do mesmo xeito. Achegarase tamén unha memoria das actuacións realizadas, firmada en todas as follas, e declarando o cumprimento da finalidade da axuda.*

*2.-Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social, e declaración de non ter percibido/solicitado outras axudas para o mesmo fin, ou declaración de que as solicitadas/concedidas non superan o total do gasto realizado.*

*3.- Indicación expresa de que se realizou o fin para a que foi concedida e xustificación de ter dado publicidade á colaboración económica do concello, ben por medios escritos, Internet ou mediante fotografía correctamente testemuña da publicidade da subvención percibida do Concello pola entidade beneficiaria, aos efectos da necesaria publicidade da mesma (artigo 18.4 LXS).*

*4.- O beneficiario da subvención acompañará unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade, no seu caso, a declaración de non ser beneficiario de outras subvencións públicas para a mesma finalidade.*

*A falta de presentación da documentación xustificativa en prazo, ou presentación de documentación incorrecta, inadecuada ou insuficiente, será posta de manifesto ao interesado para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a un mes, subsane as deficiencias atopadas, transcorrido o cal, sen recibirse esta, procederase á incoación do expediente de reintegro. Este expediente poderá ser polo importe total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente ou no caso de xustificarse algún gasto, non resulte suficiente*





*acreditada a realización da actividade. Tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda acreditada a realización da actividade, pero non se xustificaran gastos en contía que acade o importe ou porcentaxe subvencionado.*

*Cuestións Adicionais.-*

*A AVPC, sométese ás actuacións de comprobación e control que realice o órgano local competente ou a Intervención do Concello, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida por eles no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003. Igualmente de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AVPC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo dito órgano de control externo, e no seu caso ao disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.*

*Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poida facer a Intervención ou o órgano municipal competente.*

*O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asonantes, nomeados polo Presidente do Concello e polo órgano estatutariamente competente da AVPC.*

*Son causas de resolución do presente convenio a renuncia de calquera das partes e/ou o incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.*

*Dada a natureza xurídico pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.*

*As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Valdoviño (que a AVPC declara coñecer), e á normativa de aplicación na materia.*

***E en proba da súa conformidade asinan electrónicamente o presente convenio o Alcalde, Alberto González Fernández e o representante da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Valdoviño, Francisco Dopico Amado.***

**Segundo.-** Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga de pago do 100% da subvención prepagable concedida a Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño para axudar a soportar os gastos que derivan do funcionamento da dita entidade no ano 2024 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 130.489.00 do orzamento municipal vixente.





**Terceiro.-** Dar conta deste acordo á Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Valdoviño e requiririlles para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A006/000007).**

#### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

**/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/**